



## PROPOSICIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS COMPENSATORIAS PARA CONTRIBUÍR A AFRONTAR OS GASTOS DOS LOCAIS SOCIOCULTURAIOS DE TITULARIDADE VECIÑAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como se detalla no Prego Técnico para a contratación dos servizos de dinamización e mediación sociocultural actualmente en trámite, dentro da Rede Sociocultural do Concello de Santiago existen 44 instalacións. A inmensa maioría(32) son de titularidade municipal, outros foron cedidos pola Deputación (6), algúns son alugados (4) e só dous son de propiedade veciñal: O de Aríns, vinculado á Asociación Veciñal “Coto da Nai”, e o da Casa Agraria en Meixonfrío, vinculado á Asoación Veciñal Casa Agraria.

Como é lóxico tanto os gastos habituais como de mantemento dos centros de titularidade municipal e daqueles alugados polo propio Concello son aboados con cargo ao orzamento municipal, sen que a veciñanza teña que facer fronte a eses conceptos, cuestión que non acontece cos centros de titularidade da veciñanza que, malia a prestar un importante servizo público se ven obrigados a satisfacer cos seus recursos recibos de auga, luz, IBI e outros de mantemento e servizo sen beneficiarse de ningunha axuda nin medida compensatoria por parte da Administración municipal.

Esta situación de agravio comparativo ten sido posta de manifesto en reiteradas ocasións por parte das entidades afectadas e mesmo foi obxecto dalgunha solicitude no seo da Corporación sen que ata o de agora de lle teña dado ningunha solución. E iso a pesar de que o Goberno actual hai máis de un ano se comprometera a estudar esta xusta demanda.

Desde o Grupo Municipal Popular consideramos que é preciso afrontar cantos antes esta situación de excepcionalidade que viven os centros socioculturais do Meixonfrío e de Aríns, articulando algunha medida compensatoria que equipare e equilibre a súa situación respecto das outras instalacións socioculturais. Por este motivo propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte



#### ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno municipal a estudar e adoptar ao longo do ano actual algunha medida compensatoria para que o Concello contribúa economicamente ao mantemento dos centros socioculturais de titularidade veciñal –na actualidade os da Casa Agraria no Meixonfrío e o de Aríns- para equiparar o seu tratamento co resto da rede pública de locais onde se desenvolven actividades de carácter social e cultural promovidas pola Administración municipal.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular